

MESA SECTORIAL DE ENSINO DO 10-06

ATENCIÓN PREFERENTE

A Administración informa que a Orde de convocatoria publicarase na páxina web da Consellería o luns día 14 de xuño, e non no DOG. Indícanos tamén que haberá cambios no número de prazas, porque faltan algunhas, e modificacións nos perfís.

- A UGT Servizos Públicos agradece que despois de tanto tempo se teña en conta a diversidade que hai nos centros educativos e se retome esta convocatoria que axuda a atender ó alumnado neae escolarizado nos nosos centros.
- Dende a UGT Servizos Públicos entendemos que as prazas ofertadas non deberían ter afinidade. De ser o caso ofertar 2 prazas para o mesmo centro. Criticamos tamén a escasa descrición das prazas que se ofertan tendo en conta que os aspirantes deben elaborar un proxecto baseado nas características desas prazas. Debe proporcionarse na Orde un guiión detallado para a elaboración do proxecto.

A Administración responde que as prazas foron creadas para atender necesidades temporais e que os docentes adxudicados non atenderán só a un alumno ou alumna en concreto senón que poden atender a máis. Os perfís do profesorado desas prazas corresponde a necesidade do centro.

- Prazo de presentación: debería de ser 10 días hábiles, máxime tendo en conta que tal e como se anunciou, non se publica en DOG.
- Pola mesma razón, o prazo de reclamación debería ser de cinco días hábiles.

Non acceden a realizar ningún cambio de prazos.

- A UGT Servizos Públicos solicita unha comisión máis técnica e que a orde de desempate sexa en primeiro lugar polos servizos prestados en PT e AL , é decir, o apartado 2.

A Administración non se pronuncia.

- Pedimos a eliminación da celebración da entrevista por parte da comisión de selección ou, en todo caso que todos os aspirantes a realicen. Entendemos que sería unha discriminación que puntúen para os que fagan a entrevista e aos demais non se lles de a posibilidade de puntuar este apartado.

A entrevista non se eliminará, se se chega a realizar, realizarase a todos os aspirantes.

- A prórroga debería ser ata que o alumnado finalice a Etapa ou cambie de centro e non ata 6 anos..

A administración resposta que a lexislación vixente limita a 6 anos.

- Solicitamos incorporación no baremo de publicacións específicas relacionadas coas neae e a diversidade.

Non acceden á nosa petición xa que iso prolongaría a duración do proceso.

- A UGT Servizos Públicos considera que se debería eliminar o “requisito preferible” para algunhas prazas. Ou se establece como requisito ou non.
- Darlle máis peso á impartición de cursos que á recepción dos mesmos.

Estas últimas cuestións non son respostadas polo Subdirector Xeral.

PRAZAS DE CONVENIO

A Administración explica que faltan prazas que aparecerán na resolución definitiva, como por exemplo as de AMTEGA.

- A FeSP-UGT solicita información máis clara das funcións dos postos ofertados cun perfil máis delimitado para poder facer o proxecto de acordo co perfil exposto. Demandamos unha maior coordinación entre as consellerías implicadas para que o solicitante teña unha mellor información.
- O proxecto de traballo está sen especificar o tamaño de letra, formato, interlineado ... lembramos á Administración que de non ser así logo non se poderán botar atrás proxectos con esta premisa. Igualmente entendemos que deberían establecerse uns criterios mínimos orientativos.

Non se recibe contestación.

- Solicitamos dende UGT Servizos Públicos que os funcionarios en prácticas poidan participar neste concurso de méritos, igual que os interinos.

Acéptase a proposta dende a Administración para os funcionarios en prácticas pero para os interinos valorarase aínda que parece pouco probable.

- Aumentar o prazo de solicitude de 5 a 10 días.
- Poñer expresamente o prazo de reclamación e non remitir a 6.4

Non acceden a realizar ningún cambio de prazos.

- Novamente incidimos na necesidade dunha comisión máis técnica, de ser así podería eliminarse a subcomisión á que sabendo o que esta administración nos vai contestar prantexamos a opción de baixar a puntuación á mesma e que se leve a cabo pola comisión máis técnica ou, no seu defecto, a subcomisión.
- En caso de empate solicitamos que se valore en primeiro lugar a formación relacionada co posto ó que se pretenda acceder. E despois a antigüidade. Igualmente demandamos que se puntúe a fracción de ano neste apartado.
- Cremos que os convenios con entidades privadas non deberían existir, e de non ser así deberían ser moi limitados e xustificados.

Non responden as nosas peticións.

- No baremo debería eliminarse a entrevista. Entendemos que se desvirtúa o concurso de méritos con esta actuación. De manter a entrevista, solicitamos que sexa obrigatoria para todos. Sen embargo UGT-Servizos Públicos defende que esa puntuación sexa repartida en 3 puntos para méritos académicos e outros 3 puntos para antigüidade. Igualmente tamén defendemos que debería darse máis peso á impartición de cursos que á recepción dos mesmos.

O Subdirector deixa claro que, aínda que non se chegou a facer en anos anteriores, se se fai, faráselle a todos os aspirantes.

CAFI E CFRs

O Secretario Xeral comeza indicando que esta Orde segue o modelo de anos anteriores polo que non hai grandes novidades, agás a incorporación do anexo VI, modelo de Competencias Profesionales. Destaca os aspectos máis importantes: adxudicación irrenunciable, en comisión de servido e mantéñense os centros colaboradores. Informa dun erro na distribución das prazas vacantes dos CFR no anexo I. As prazas de Infantil e primaria foron incluídas nas de organización escolar en Lugo e Pontevedra. Engádesse unha de Educación dixital en Vigo.

- A UGT Servizos Públicos solicita que o un guión para a elaboración do proxecto sexa máis preciso. A limitación a 10 folios parécenos escasa, sabendo por exemplo que para os proxectos de dirección o espazo é o dobre.

A Administración responde que o número de folios non é o importante pero de non conseguir facelo con ese límite xa non sería un punto positivo.

- Entendemos que o anexo VI é importante porque se axusta á realidade, pero solicitamos que se nos aclare de que xeito se bareman esas competencias profesionais.
- En canto ó lugar e prazo de reclamación, non entendemos que se esixa na reclamación presentación telemática a través da sede electrónica e sen embargo para a presentación permítese que se faga a través de calquera medio recollido na Lei de procedemento administrativo. Pedimos que se poida empregar o correo electrónico na reclamación.

A administración responde que este ano será unha cuestión a medio camiño. Que para a seguinte convocatoria a intención é que sexa todo telemático.

- Art. 7. Pedimos a eliminación da entrevista. Ou en todo caso, pedimos baixar a puntuación dada á entrevista e a esixencia da puntuación mínima no proxecto, de 2 en lugar de 3, para acceder a fase B.

A entrevista quedará como está e se realizará cos aspirantes que a Consellería considere. Incide en que existe a posibilidade de nomear unha persona representante das organización sindicais para a asistencia ás sesións da comisión, polo que existe unha total transparencia na selección de aspirantes.

- O prazo de reclamación de 3 días hábiles parécenos escaso, sobre todo se se ten que aportar documentación. Deberían ser 5 días hábiles.

O Secretario Xeral non accede á nosa petición.

- En caso de empate pedimos que non prime a fase da entrevista, ou do proxecto antes que a antigüidade. Tamén cremos que é importante engandir o cómputo por meses, sobre todo no punto 4 do baremo xa que é criterio de desempate.

Non se atenderá a nosa solicitude.

- Art. 9.3: fálase de imposibilidade de renunciar ás prazas adxudicadas “salvo casos de excepcional gravidade”. Pedimos que se nos aclare a que tipos de casos se refere.

Responde a Administración que non se poden especificar porque se cerrarían moitos casos, e cada un deles ten que analizarse individualmente.

- Pedimos que se bareme a fracción de ano igual que se fai no resto das convocatorias levadas no día de hoxe a esta Mesa de Negociación.

- Valoramos que se presente un anexo co contido mínimo do proxecto. Non obstante defendemos que debería ser máis explícito para poder establecer unha serie de criterios obxectivos para poder valorar os proxectos presentados.

Respostan que cren que así é suficiente.

VARIOS

- Solicitamos que se publiquen canto antes a data, horas e lugares dos tribunais. Quedan poucos días e é necesario para os aspirantes, e sabemos que a Administración xa o ten claro.

A administración anuncia que saíra no día de hoxe (10 de xuño).

- Pedimos unha vez máis que se manden unhas instrucións claras ós tribunais. Necesitan saber se teñen que ir ós centros ou non para poder organizarse.

- Insistimos na necesidade de planificar o vindeiro curso 21/22 e non cheguemos a setembro sen nada, estamos en xuño e de aquí a setembro non vai haber moitos cambios. Queremos saber que pasará co “profesorado COVID” e coa distancia de 1,5m.

O Director Xeral anuncia que o protocolo pasará pola mesa a finais de mes.

- No tema de vacinación solicitamos unha maior coordinación entre citación e administración. Están chamando a xente que acudie á cita e que despois non lle administran a vacina por motivos xustificadas.

Trasladarase á Consellería de Sanidade.